

INSTRUCCIÓN

10 minutos antes do comezo da proba un membro do tribunal fará na porta da aula a seguinte advertencia:

“Boas tardes:

Faltan 10 minutos para comezar o chamamento.

Lembramos que non poderán entrar na aula con teléfonos móbiles nin ningún aparato electrónico.

Grazas.”

Hora do chamamento: ordenar a apertura da porta para comezar o chamamento

Unha vez sentadas as persoas aspirantes:

“Poden pechar as portas.

Boas tardes a todas e a todos:

A partir deste momento pechamos as portas e ninguén máis poderá entrar na aula.

Imos comezar a realización do primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Este exercicio consistirá en resolver por escrito un cuestionario de corenta e cinco (45) preguntas, máis tres (3) preguntas de reserva, con tres respostas

alternativas (a, b, c), das cales só unha delas será a correcta.

As preguntas erróneas non se penalizarán.

Este exercicio constará de dúas partes:

- a) Primeira parte: incluírá vinte (20) preguntas sobre a parte xeral do programa do anexo I, máis unha (1) pregunta de reserva.
- b) Segunda parte: incluírá vinte e cinco (25) preguntas sobre contidos prácticos do traballo a realizar na parte específica do programa do anexo I, máis dúas (2) preguntas de reserva.

O cuestionario do que dispoñen está no idioma elixido por vostedes na súa solicitude de inscrición no proceso selectivo.

Enriba da súa mesa teñen:

-As instrucións para cubrir o cuestionario de exame.

-Un folio en branco para realizar as anotacións que consideren oportunas.

-Unha folla cos seus datos persoais, que teñen que asinar neste momento.

Non escriban ningún tipo de marca ou dato identificativo no exame.

Se algunha persoa aspirante necesitase facer algunha pregunta levantará a man e o persoal colaborador atenderaa.

Para o desenvolvemento deste exercicio disporán dun tempo máximo de cento vinte (120) minutos, que comezará a correr cando o Tribunal dea o sinal de comezo.

Cando resten 60, 30 e 10 minutos para finalizar o exercicio, o tribunal avisará ás persoas aspirantes. E cando remate o tempo, volverá a avisar. Nese momento, deberán deixar o bolígrafo enriba da mesa e esperar a que o persoal colaborador lle recolla o exame e a folla de datos persoais, que introducirán nun sobre grande e nun sobre pequeno respectivamente, que pecharán e entregarán grampados ao Tribunal.

Se algunha persoa aspirante remata o exercicio antes de que acabe o tempo, deberá levantar a man, e nese momento acercarse unha persoa do persoal colaborador a recollerlle o exame, debendo saír do recinto pola mesma porta pola que accedeu.

Unha vez rematado o tempo, o persoal colaborador entregará os sobres recollidos ao tribunal, que numerará e separará os sobres de datos dos exames nun acto que será público e que poderá ser presenciado polas persoas que o desexen.

Os certificados de asistencia poderán descargalos da páxina web de Función Pública a partir do vindeiro luns.

Non se pode copiar nin falar con outra persoa aspirante.

O persoal colaborador procederá agora ao reparto do cuestionario do exame.

Comproben que todos teñen o cuestionario do exame.

Son as (....) horas, dende este momento teñen CENTO VINTE (120) minutos para resolver o exame.

Moita sorte.

Cando falten 60 minutos:

Transcorreron 60 minutos. Faltan 60 minutos para o remate do tempo.

Cando falten 30 minutos:

Transcorreron 90 minutos. Faltan 30 minutos para o remate do tempo.

Cando falten 10 minutos:

Faltan 10 minutos para o remate do tempo. A partir deste momento, ningunha persoa aspirante poderá saír do recinto ata a finalización do exame.

Ao rematar o tempo:

Rematou o tempo. Deixen de escribir e esperen, en silencio e sentados, a que o persoal colaborador lles recolla o exame.

Moitas grazas.